

ACTA NÚM. 16 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 14 DE OUTUBRO DE 2016.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **8:30 horas** do día **14 de outubro de 2016**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **interventora xeral do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **secretario do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

ORDE DO DÍA:

Punto único: Aprobación Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2015.

Cumpriméntase así:

PUNTO ÚNICO: APROBACIÓN CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2015.

A conta xeral correspondente ao exercicio de 2015, foi ditaminada pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Especial de Contas, na súa sesión do día 8 de setembro do corrente ano, e publicada no BOP ao día seguinte (9 setembro de 2016, núm. 172), durante o período de exposición non se formularon reparos nin observacións á mesma.

Alcalde: Vamos comezar coa sesión plenaria convocada para o día de hoxe, se fas defensa María Rozas.

Dona María Rozas Pérez: Bos días a todos e a todas.

Presentamos hoxe para a súa aprobación por este pleno da conta xeral correspondente ao exercicio de 2015, que foi informada en Comisión de facenda, e estivo 15 días máis 8 de exposición ao público, rematando o prazo para presentación de alegacións o pasado 6 de outubro, non existindo ningunha alegación ao respecto.

A conta do exercicio de 2015 amosa unha mellora en comparación con anos anteriores, en varios indicadores económicos, que ao longo da miña intervención irei mencionando, os que creo que son máis relevantes.

O remanente de tesourería foi positivo cun superávit de 5.417.815,31 euros, reflexando que o Concello de Santiago se atopa nunha situación de estabilidade e solvencia económica.

Este remanente positivo foi o que permitiu afrontar novos investimentos, ademais dos reflexados no orzamento inicial do Concello de Santiago financiados con este remanente, a parte, de aliviar tamén parte da débeda e da carga financeira do Concello de Santiago.

Investimentos coñecidos por todos e por todas nos, xa que fai uns meses, estivemos debatendo ese expediente neste pleno.

Investimentos para viais públicos, como reparacións na Avda. de Coimbra, do vial de Reboredo-Enfesta, das rúas de Santas Mariñas e Picaños, investimentos en instalacións deportivas ou centros socio-culturais, e obras de saneamento e abastecemento, entre outras, accións.

Ao igual que no concello, tamén houbo un remanente de tesourería positivo no Auditorio de Galicia por importe de 198.755,08 euros.

Inverteuse, tamén, a carga negativa dos últimos anos de minoración do resultado orzamentario, situándose este por riba dos 9 millóns.

A conta xeral do ano 2015, reflexa unha redución do endebedamento do concello. O índice de endebedamento do concello sitúase a 31 de decembro do 2015 no 45,67%, moi por debaixo do máximo legal que está no 75%.

Sendo o montante total da débeda 42 millóns de euros.

Como dicía ao principio da intervención, son varios os indicadores económicos que melloran en comparación con anos anteriores, ademais, da redución da débeda ou do resultado positivo do remanente, hai outros indicadores económicos que son relevantes e que compre mencionar:

Primeiro os cobros e os pagos pendentes a final do exercicio, é o mellor resultado do Concello de Santiago en moitos anos, nunca tivo os pagos pendentes e os cobros pendentes nuns niveis tan baixos ao final de exercicio.

As obrigas pendentes de pago, é dicir, aquilo que queda pendente de pago aos provedores a finais de ano, están en valores mínimos a 31 de decembro de 2015, por comparar, no ano 2011, os cobros pendentes de ingresos eran 49 millóns de euros, no ano 2015, a finais de exercicio, son 12 millóns menos.

As obrigas pendentes de pago, baixaron 14 millóns de euros, estando no ano 2011 en 31 millóns.

Como dicía antes, os importes máis baixos nos últimos anos, reflexando unha eficiencia na xestión dos recursos públicos para acadar que as cantidades pendentes foran as mínimas posibles tanto nos ingresos como nos gastos.

Como indican os informes de intervención municipal, hai outros indicadores que melloran en comparación con anos anteriores, mellora o aforro bruto e o neto, que se ve incrementado, e mellora, tamén, a liquidez, existe unha maior liquidez no Concello de Santiago para facer fronte ás obrigas pendentes de pago e as facturas dos provedores.

Existe un incremento da solvencia a curto prazo, e existe unha redución do endebedamento por habitante. Unha diminución de máis do 40% en comparación coa de 2002.

No ano 2002, o endebedamento por habitante de Santiago era de 697,58 euros, e a finais de 2015 de 424,72 euros, máis dun 40%.

En relación á execución orzamentaria, un análise detallado do orzamento de ingresos, amosa unha boa execución global, aínda que existe unha execución algo máis baixa nos impostos indirectos, que se debe ao imposto de construcións e as licenzas urbanísticas, que como indica o informe da conta xeral, reflexa unha subestimación no orzamento do ano 2015, nestes conceptos, algo que xa fora obxecto de debate cando se presentara o orzamento do ano 2015.

O desvío do finalmente recadado co presupostado no 2015, polo anterior goberno, é de case un 40%.

Tamén destaca o informe da intervención municipal da liquidación de 2015, a sobre estimación dos ingresos previstos no orzamento procedentes do fondo complementario de financiamento en máis de 3 millóns, o que representa máis do 56% do desvío, 3 millóns de euros, que estaban sobre estimados.

A porcentaxe de execución global dos gastos é do 72,7% dos créditos definitivos. A porcentaxe de execución do capítulo I de investimentos, foi en comparación co ano pasado, en comparación co ano 2014, de máis de 2 millóns de euros, alcanzando o importe de 8.852.000 euros, que era o 8% do total presupostado. Sendo este dato o mellor resultado de execución de investimentos dos últimos catro anos.

O obxectivo, é claramente, melloralo e este dato unha cifra mellor a de 2014, sete puntos superior á de 2014, onde a execución dos investimentos se atopaba nun 21%, e esta cifra é un 23% superior da que se atopou este goberno municipal ao tomar posesión en xullo de 2015, cando apenas se executara o 5% dos investimentos.

Fíxose por parte do goberno un esforzo por incrementar a execución nos investimentos, de aí, que no segundo semestre do ano, a execución se incrementará considerablemente.

De todas formas, evidenciase a necesidade de traballar durante todo o mandato, para mellorar a eficiencia e os procedementos da administración dun problema que é estrutural, recordemos, que o máximo que se acadou executar no orzamento de investimentos no Concello de Santiago en toda a súa historia, foi entorno ao 32%.

Un problema estrutural, que é un dos retos do goberno e cuxo obxectivo nos próximos anos pasa por continuar incrementando esta porcentaxe de investimentos, que xa se veu incrementada no ano 2015 en comparación cos catro anos anteriores.

En conclusión, para ir rematando, na conta xeral do ano 2015 afloran indicadores económicos positivos, aflora unha maior execución do orzamento de investimentos dos últimos catro anos, afloran remanentes positivos, o resultado orzamentario tamén positivo, un incremento no aforro, valores mínimos históricos, para os cobros pendentes e os pagos pendentes a finais de exercicio, unha maior liquidez e solvencia a curto prazo que o ano anterior, que permite facer fronte aos pagos con provedores con rapidez, sen tensións na tesourería, unha redución da débeda, que se mantén moi por debaixo do límite legal, e unha diminución do endebedamento por habitante.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Grazas María, señor Rubén Cela a súa quenda.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde, e moi bo día a todas e a todos.

Aínda que para o noso grupo no debate que hoxe nos convoca, haxa un aspecto claramente secundario, unha vez máis antes de entrar na cuestión de fondo, estamos obrigados a facer un comentario sobre a forma, a lei marca, como saben todos e todas vostedes que os concellos teñen que ter aprobada a conta xeral do ano anterior antes do 1 de outubro do ano presente, polo tanto, unha vez máis imos aprobar esta conta xeral fora do prazo estipulado por lei.

Esta conta xeral, non o dixo a concelleira, ten unha paternidade e maternidade compartida, no sentido de que da conta dun exercicio económicos que tivo dous gobernos diferentes, ate xuño o Partido Popular, e a partir de xuño Compostela Aberta,

aínda que escoitando a intervención da concelleira, parece que Compostela Aberta asume como propio todo o período.

No nosa caso, parte das consideracións que imos facer a continuación, pois teñen claramente un dobre destinatario.

Para o BNG, os datos que nos fornece esta conta xeral, teñen un duplo interese, por unha banda, a imaxe retrospectiva do exercicio económico de 2015, e por outra, non menos interesante, a perspectiva que arroxa a respecto da evolución deste concello nos últimos anos.

Neste sentido, o informe da intervención municipal aporta tres cadros coa evolución de varios indicadores orzamentarios, que ao noso xuízo son tremendamente gráficos e explicativos da situación real que vive este concello, algúns deles, xa fixo na súa intervención mención a señora concelleira, pero ao noso xuízo, precisan dalgunha matización.

O primeiro deles é o gasto por habitante, o gasto por habitante no ano 2010 foi de 1173,73 euros, o ano pasado xa baixara substancialmente ata 1018,85 euros, e neste 2015, foi de 938,03 euros, é dicir, o ano 2015 foi a cifra máis baixa dos últimos cinco anos a excepción do ano 2012.

Aparentemente poderíamos pensar que esta baixa do gasto medio por habitante, podía ser o resultado dunha política de contención do gasto corrente, que está tan de moda para algún partido político, por en, a ninguén se nos escapa que dentro dese gasto medio por habitante ordinario, contamos con gastos que o concello ten asignados a políticas públicas con incidencia na vida económica e social de Compostela.

Ao deixar de gastar coa inexecución de importantes partidas orzamentarias en ámbitos tan sensibles e que deberían ser absolutamente prioritarios como políticas de emprego ou servizos sociais, inciden na rebaixa do gasto por habitante.

Por ese motivo, non podemos deixar de dicir, que non estamos de acordo con esta tendencia na rebaixa do gasto público municipal, porque só amosa a incapacidade para facer políticas proactivas na economía do noso concello e na política de fomento de actividades de interese público, así como en políticas sociais imprescindibles.

Con respecto ao esforzo inversor formalmente é certo que son dúas centésimas superior ao do exercicio pasado, pasamos dun 0,09 a un 0,11.

Digo formalmente, porque como ben sabe, a señora concelleira o esforzo inversor é o resultado de dividir a suma do capítulo VI e do capítulo VII entre o conxunto de obrigas recoñecidas netas.

Se temos en conta que no capítulo VII hai contabilizada unha partida importante para dar, que non é propiamente unha transferencia de capital, xa que como se deduce do convenio que asinou no seu día o Partido Popular, non é máis que un anticipo de gasto corrente que o concello adianta, pois dende logo, senón se contabilizara iso, realmente, estaríamos a falar dun esforzo inversor moi parello ao do ano anterior.

Con respecto ao aforro comentaba a señora concelleira, o aforro bruto aumentou, certamente, máis de tres millóns de euros, con respecto ao ano pasado, agora ben, ese dato descontextualizado pode levarnos a unha imaxe enganosa da realidade.

A ninguén, cun mínimo de coñecemento do histórico das contas municipais, se lle escapa que o aforro neto aumenta polo efecto que os gastos de amortización que o PP cambiou de anualidade, adiantounos, como lembrarán, o pago ao banco no exercicio de 2014, pero que ese efecto volvérase a inverter.

Se a ese efecto engadimos un grao de inexecución baixo atopámonos con que a tendencia do aforro neto é preocupante, pola súa incapacidade de xerar fluxo de fondos para investimentos e para a capitalización de patrimonio público.

Isto reduce as finanzas públicas a un constante recorrencia a novo endebedamento a efectos de poder materializar investimentos, tal e como nos sucedeu no orzamento do actual exercicio, no que case, a integridade dos investimentos se financian con endebedamento, incluso, se empregou para financiar parte do gasto que necesita facer INCOLSA, unha trampa contable que criticamos duramente no seu día.

Con respecto á liquidez, en 2015 é certo que se duplicou a liquidez inmediata, pasando do 0,48 ao 1,02, o que implica, pois unha mellor liquidez como comentaba a concelleira para facer fronte ás obrigas pendentes de pagamento, aumentando a marxe de liquidez e a solvencia a curto prazo do 1,6 ao 1,89.

Un maior liquidez a priori, é boa, o que non é bo, e que haxa liquidez, porque se sexa incapaz de executar o gasto programado.

Con respecto ao endebedamento falaba tamén a señora concelleira na súa intervención, da mellora nesta materia.

Os datos da conta xeral, a priori, avalan esa afirmación, por en, hai que ter en conta que datos que aparentemente evolucionan favorablemente non necesariamente son tal.

Así que aínda que poida parecer que o endebedamento por habitante mellora ao pasar de 433,74 en 2014, a 424,72 euros por habitante en 2015, hai que deixar constancia de que ese endebedamento debería e podería ser menor se o Partido Popular non tivera endebedado ao concello con máis de doce millóns de euros no ano 2012, non para investir, senón para gasto, é dicir, trocando débeda no curto prazo de provedores por débeda a longo prazo sen ningún tipo de activo para este concello.

O endebedamento que como lles supuña un gasto elevado de amortizacións no ano 2015, como comentaba antes, decidiron pagar adiantadamente no ano 2014, onde tiñan un sobranse escandaloso propio dunha falta de xestión evidente, e que tantas veces, tamén temos denunciado dende o BNG.

Esta conta xeral, certamente, aporta algo novo respecto á liquidación do orzamento do concello, que é a balanza patrimonial.

Nese sentido, unha vez máis, o informe de intervención volve a amosar un déficit que comeza a ser sangrante no descontrol do patrimonio e do activo deste concello.

Para as contas municipais non existen elementos patrimoniais propios e individualizados, só constan os gastos que efectúamos en investimento, pero non podemos saber, en canto ou como consta no balance, nin tampouco as cesións de patrimonio que o concello foi obtendo de particulares.

Tampouco se aportan datos sobre as instalacións municipais de servizos concesionados, e a súa valoración, como por exemplo, as instalacións de abastecemento de auga, non sabemos cómo se reflicte no balance do concello ás instalacións deportivas cedidas polo Consorcio, ou non consta a efectos da conta xeral tal cesión e posterior entrega á sociedade mixta.

Isto impide que a conta xeral sexa realmente unha imaxe fiel da situación económica e financeira do concello.

Ningunha empresa consentiría que os seus activos non estiveran convenientemente controlados no balance, e con bo criterio a contabilidade pública hai anos que o esixe.

Nese sentido estas como as anteriores, son unhas contas pouco transparentes, non reflicten a realidade máis que a dunha parte da xestión, aquela que fai referencia ao gasto efectuado materialmente e aos ingresos percibidos pola vía do orzamento do concello.

Falando claro, sen ter en conta o patrimonio municipal a efectos contables, todo pasa a ser gasto, cando iso non é certo, cando houbo e hai xestión pública municipal que levaron parellas capitalizacións por este concello, e por certo, durante moitos anos non foron precisamente poucos, cando por exemplo, pois non se renunciaba a ter unha empresa pública para a promoción da vivenda e o solo industrial.

Isto dende logo, non é unha crítica a Compostela Aberta, é unha crítica a todos os grupos que antes e agora tivemos responsabilidades e goberno, e polo tanto tamén unha autocrítica na parte proporcional que lle corresponde ao noso grupo.

Chegados a estas alturas o único importante é que se poida corrixir canto antes, polo que agardamos que dende o grupo de goberno se fagan todos os esforzos posibles para modificar esta situación, a comezar por encargar o inventario de bens actualizado, do que xa temos falado neste pleno ao longo do presente mandato e do anterior.

Para rematar dicir que ademais das matizacións á intervención da señora concelleira, quixera destacar, que esta conta xeral arroxa unha perspectiva en diferentes ámbitos cando menos non moi positiva.

Por unha parte duplicouse o período medio de pago a provedores, pasando de 15 a 40 días.

Por outra parte, incrementouse notablemente o endebedamento nestes últimos doce meses.

En terceiro lugar, diminuíu como comentaba o gasto por habitante.

E, en cuarto lugar, a autonomía fiscal baixa en dous puntos a respecto de 2014.

Sobre de todo para o grupo municipal do BNG, o que nos segue a resultar máis preocupante dos resultados aflorados tanto na liquidación, como agora na conta xeral, e o grao de execución do orzamento.

Esta conta xeral evidencia que baixamos cinco puntos o grao de execución dos orzamentos dos últimos anos, pasamos dun 77,8% en 2013 a un 72,7% en 2015. Dende logo sacar peito como acaba de facer a señora concelleira cun grao de execución do 27% no capítulo de investimentos, pois non deixa de ser chocante e, dende logo, entronca coa liña dos últimos catro anos do Partido Popular que tanto criticamos dende o BNG.

E sacar peito con que se mellora no segundo semestre non coñezo ningún concello de Galiza que non mellore a ratio de execución dos investimentos e do capítulo de gasto no segundo semestre con respecto ao primeiro.

Para nos ten especial relevancia o non executado en ámbitos tan importantes como servizos sociais ou como dicía antes, nas políticas activas de emprego, e nestes investimentos, porque é das poucas ferramentas reais que ten a disposición este concello, para intentar incidir de xeito directo na economía local, tanto na reactivación económica como na creación directa ou na consolidación de postos de traballo.

Alcalde: Grazas Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde, bos días compañeiras e compañeiros de corporación.

Non se pode dubidar que Compostela Aberta é contumaz no que fai referencia aos prazos legais para presentación e aprobación das diferentes cuestións.

A tendencia é apurar devanditos prazos ata o último día ou se é posible pasar do devandito prazo legal.

Esta conta xeral é un exemplo, debería estar aprobada polo pleno antes do 1 de outubro, e aquí estamos discutindo o seu contido como paso previo á votación da mesma, o 14 de outubro.

Non é o único incumprimento co que Compostela Aberta se presenta a este pleno.

A norma establece que as corporacións de máis de 50.000 habitantes deben incorporar á conta xeral, ademais, da información financeira, o estado de obxectivos e xestión dos servizos, así como o estado de custes e ingresos operativos do exercicio.

Como ben indica o informe de intervención na súa páxina 9, non se pode incorporar a esta conta xeral a memoria sobre o grao de cumprimento dos obxectivos programados, porque a corporación non fixou os seus obxectivos, máis alá da aplicación da estrutura orzamentaria aplicable ás entidades locais.

Esta cuestión, claramente, sitúase no debe da contraparte desta conta xeral do Partido Popular que elaborou e aprobou coa súa maioría absoluta o orzamento de 2015, e xestionouno na súa primeira metade do ano 2015.

Neste sentido, o grupo municipal do PSdeG-PSOE propón para o exercicio orzamentario de 2016 e seguintes, o desenvolvemento pleno e real do orzamento

funcional por programas, que estableza prazos, indicadores e obxectivos específicos claros, alcanzables e verificables, e se someta a súa execución a unha verificación periódica.

A segunda memoria esixida pola lei, o informe sobre o estado de obxectivos e xestión dos servizos, debería proporcionar información significativa sobre o consumo real dos principais factores de produción de cada función ou programa.

Neste sentido, o informe de intervención na súa páxina 26, sinala que por razóns de limitacións materiais e de persoal a memoria que se presenta a este respecto, non é esta elaborada, nin serve como base para cumprir coa obriga referida e establecida na Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Á vista do informe de intervención, hai que preguntar ao goberno de Compostela Aberta, do mesmo xeito que en anos anteriores fixemos aos gobernos do Partido Popular, qué medidas pensan adoptar para que algún día vexamos o cumprimento das obrigas legais, en forma de achega de todos os documentos ao expediente, así como o cumprimento dos prazos legais, porque o certo, é que se reforzaron outros servizos, que nos apoiamos, como son servizos sociais, ou licenzas urbanísticas, soslaiaando a prohibición de contratar a través do recurso de contratación de obra ou por servizo determinado, pero non se priorizaron os recursos para exercer o control das finanzas e a xestión dos servizos públicos deste goberno.

Por último no apartado dos incumprimentos legais, non se achega con esta conta xeral, un inventario actualizado do patrimonio propiedade do concello de acordo coa Lei de facendas locais e o Regulamento de bens das corporacións locais, o que significa que os balances que se presentan a este pleno, para a súa aprobación non son a imaxe fiel da situación económico-financeira do concello, como ben indica o informe de intervención nas súas páxinas 17 e 25.

Con respecto á análise dos documentos achegados da conta xeral, gustaríanos destacar os seguintes aspectos:

No referente ao endebedamento ou aforro neto, hai que indicar que a mellora destes parámetros non se debe a unha mellor xestión, senón a que o Partido Popular, endebedouse en 2012, en 12 millóns de euros a longo prazo, supostamente para facer fronte a un déficit temporal de tesourería de 1,2 millóns de euros, reflíctese así no informe de intervención que mostra finalmente como maior nivel de endebedamento dos últimos seis anos, corresponde ao goberno do Partido Popular con 705,99 euros por habitante, fronte aos 670,82 euros co que rematou o goberno de coalición progresista, PSdeG-BNG.

En 2014 o Partido Popular amortizou anticipadamente parte do crédito dos 12 millóns adiantando a parte proporcional a 2015, co que a mellora no aforro neto non é froito dun cambio de tendencia, froito dunha mellora de xestión, senón que en 2016 incrementárase previsiblemente de novo o capítulo para amortización de crédito e reducírase o cociente de aforro neto.

Insistimos en que non se reflicte unha mellora na xestión, porque non se reduciu a débeda a futuro, de feito, prevese o seu incremento no exercicio orzamentario de 2016 en máis de seis millóns de euros, e a xestión non mostra unha mellora de ingresos por xestión, ao contrario, a porcentaxe de execución dos ingresos por transferencias de capital é do 36%, isto é o que explica que o 31 de decembro de 2015, en saldo de dubidoso cobro aparezan 17.633.000 euros, dous millóns máis que en 2014.

Ten o goberno que explicar a qué subvencións en beneficio de Santiago decidiron renunciar en prexuízo de toda a cidade.

Aquí correspóndenos 32.718.000 euros de dereitos pendentes de cobro a 31 de decembro, e iso é aceptable, despois o problema de financiamento do gasto no concello é que non puideron subir o IBI indiscriminadamente a todo o mundo.

É necesario, ademais, reforzar a xestión de ingresos patrimoniais, incrementando a súa porcentaxe no conxunto dos ingresos orzamentarios, que en 2015 non chegou nin ao 1%; Non se reduciu o gasto corrente con melloras de xestión, nin se incrementaron significativamente os investimentos produtivos, xa que o capítulo de investimentos presenta un grao de execución que non chega ao 28%, e se sumamos investimentos e transferencias de capital non chega ao 30%.

Isto supón que quedaron sen executar os dous millóns de euros para a urbanización da finca do Espiño, ou 1.300.000 euros de urbanización do Polígono Industrial de Costa Vella, ou os 400.000 euros da renovación de viais e beirarrúas en Fontiñas, así como ter que incorporar ao remanentes de crédito do POS do 2015 para o rural por máis de 400.000 euros; ou case 1.000.000 de euros para a mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre, ou case 1.700.000 euros para a urbanización da rúa Montero Ríos, ou o máis de medio millón de euros para a repavimentación da Avda. de Vilagarcía por poñer algúns exemplos que supuxeron atrasos e adiantos de obras, co incremento de molestias e prexuizos para os veciños.

Esta falta de xestión, esta falta de execución do orzamento é o que explica a existencia dese remanente de tesourería de 5.400.000 euros, case un millón de euros máis que en 2014, o que non supón un éxito compartido dos gobernos do Partido Popular e de Compostela Aberta, a partes iguais, senón evidencia unha política económica

continuista, compartida, caracterizada por falta de xestión e que explica a paralización da nosa cidade.

Son 5.400.000 euros, que facían falta no fomento do emprego, na promoción económica da cidade e no gasto social.

A falta de xestión e de impulso no goberno tanto do Partido Popular como de Compostela Aberta evidenciase cando se observa que o 31 de decembro de 2015, quedaron sen gastar máis de 15.000.000 de euros no programa de urbanismo e vías públicas. Preto 1.000.000 de euros no programa de mantemento de parques e xardíns; 1.000.000 de euros en programas de gastos sociais; 1.700.000 euros en fomento de emprego; máis de 800.000 euros no programa de protección do patrimonio histórico-artístico; 1.000.000 de euros en camiños veciñais; ou 1.682.000 euros en instalacións deportivas.

Non se pode falar de boa xestión cando o 31 de decembro débense máis 17.300.000 euros ás empresas proveedoras, e en caixa téñense máis de 17.770.000 euros, coa que lle está caendo ás empresas e comercios desta cidade, non pagan as facturas e teñen toda esa cantidade en caixa, para qué, para contalo.

A transparencia na xestión tamén deixou moito que desexar, o 47,1% da contía dos contratos de servizos do concello en 2015 foi adxudicado sen publicidade, o 65,4% da contía dos contratos de subministracións foi adxudicada sen publicidade e o 55,8% foino a dedo, por adxudicación directa.

A conta 413, que recolle as operacións pendentes de aplicar ao orzamento a 31 de decembro, as facturas no caixón, mostra un clarísimo mellor resultado que as cifras obscenas dos gobernos do Partido Popular en 2011 e 2012, con máis de 2.200.000 euros, e 1.600.000 euros, respectivamente, pero multiplica por 2,5 a cantidade de 2014, empeorando notablemente a xestión desta partida.

No que fai referencia á regra do gasto, o gasto computable que resulta da liquidación de 2015 é superior ao límite establecido tanto para o concello como para INCOLSA.

Polo tanto, como indica o informe de intervención sobre a verificación da regra do gasto, en 2015 vólvese a incumprir esta, co que sería preciso a aprobación dun plan económico financeiro o cal está pendente de aprobación pola Xunta de Galicia, como consecuencia do incumprimento da regra do gasto en 2014.

Por qué aínda non foi aprobado o plan económico financeiro pola Xunta de Galicia? Se nos ocorre algunha cousa neste sentido.

Finalmente en referencia a administración instrumental ponse de manifesto que existen problemas de financiamento con tres dos entes.

O organismo autónomo Auditorio de Galicia mostra que o 78% do seu financiamento depende de transferencias correntes fundamentalmente provenientes do concello.

Ademais, ao longo deste exercicio de 2016 están a levarse recoñecementos extraxudiciais de crédito, que non se observa que estean computados no exercicio anterior, o que pode inducir a pensar que o remanente que se presenta pode ser ficticio.

Incolsa, a parte do novo incumprimento da regra do gasto, adoece totalmente de autonomía financeira, non funciona na práctica como unha sociedade de mercado, o que unido a que o seu resultado é o reflexo dunha política continuista respecto dos gobernos do Partido Popular, esixe que se avalíe que pensa facer o actual goberno de Compostela Aberta con Incolsa.

Respecto da Fundación Refuxio de Animais, presentásenos como indica a información de intervención na súa páxina 5 unha documentación provisional, sen saber se foi aprobada polo órgano competente, sen data da sinatura da documentación e sen unha avaliación de estabilidade da fundación.

Resumindo, falta de xestión, falta de transparencia, incumprimento da normativa en canto á presentación desta conta xeral, incumprimento da regra do gasto, problemas en canto a viabilidade instrumental deste concello.

Moitas grazas.

Alcalde: Grazas Paco Reyes, Manuel a súa quenda.

Don Manuel Martínez Varela: Alcalde, concelleiros, concelleiras, bos días.

O mellor desta conta xeral que se trae hoxe aquí para aprobación deste pleno, e que é un documento exclusivamente técnico, e que polo tanto, serve para poñer de manifesto, en verbas da propia Lei de facendas locais a xestión realizada en diversos aspectos, e que teñen todos unha repercusión económica, é dicir, determínanos como se xestionou o concello, posto que hai que ter en conta que o 99% dos actos administrativos, é dicir os decretos, acordos da Xunta de Goberno Local teñen unha repercusión económica e, polo tanto, van aparecer reflectidos nesta conta xeral.

Outro aspecto interesante desta conta xeral é que é compartida, e permítenos comparar dúas formas de traballar, dúas formas, que eu entendo que son totalmente opostas nuns períodos similares de tempo, de xaneiro a maio, de xullo a decembro.

Vou tomar os datos referidos a 12 de xuño de 2015 establecidos no informe de intervención, como consecuencia do traspaso de poderes.

O equipo de goberno de Compostela Aberta recibiu un orzamento aprobado en tempo e forma, no que o nivel de expedientes iniciados a nivel de contabilidade o que se denomina a fase A, é dicir en trámite por Decreto ou acordo de Xunta de Goberno Local era de 79.000.000 de euros, e Compostela Aberta só foi capaz de executar, de concluír 89.000.000, só dez millóns nos meses que estivo gobernando, en case sete meses.

Recibiron un orzamento no que o nivel de expedientes iniciados no capítulo VI de investimentos era de 10,5 millóns, e Compostela Aberta concluíu, 8,8 millóns, 2 millóns menos dos que se lles deixou iniciado.

Recibiron un orzamento no que o nivel de contratos adxudicados, é dicir o que é a fase D; no capítulo VI de investimentos era de 9,3 millóns, vostedes chegaron a fase D, é dicir a adxudicar contratos ata os 12,5 millóns, é dicir, 3 millóns nos meses que estiveron gobernando.

Recibiron un orzamento no que o nivel de expedientes iniciados no capítulo II, é dicir de mantemento, de servizos, era de 29 millóns, e vostedes só foron capaces de concluír 33 millóns, é dicir 4 millóns, nos seis ou sete meses que estiveron gobernando.

E si que os grandes números son positivos, o resultado, o remanente, o aforro neto, como viñan sendo nos últimos anos, pero chama moito a atención o carácter, digamos, excesivamente positivo dos mesmos e se os analizamos, vemos que este carácter positivo, ven marcado por un descenso na execución, que xa foi apuntado polos outros dous grupos da oposición.

É a primeira vez, nos últimos tres anos, nos que a porcentaxe de execución é do 72,73%, fronte ao 77,24% do 2014, e o 77,79% do 2013.

Hai que lembrar que Compostela Aberta executou 89 millóns, pero é que no 2014, executáronse 97 millóns; e no 2013 por riba dos 90 millóns.

É a primeira vez dende o ano 2008, nos que o Concello ten a finais de ano en fondos líquidos 17,7 millóns, e facturas e obrigas para pagar de 17,3, pero é que é o peor pagador, non pagou. É a primeira vez dende o ano 2008 no concello a final de ano que ten como dubidoso cobro o 70% dos dereitos pendentes de cobro, cando no 2014 era do 57%, e no 2013 o 55%, isto quere dicir que cada vez se esta retrasando máis o que son os dereitos que non se están cobrando.

Como dixen a conta xeral reflexa unha xestión, e esta xestión hai que interpretala, polo que se comparamos o que serían os meses que estivo gobernando o Partido Popular, como dixen de xaneiro a maio, cos meses de Compostela Aberta, dende o punto de vista do momento da actividade económica, de xaneiro a maio, e de xullo a decembro, esta conta xeral móstranos que fronte a un goberno do Partido Popular que iniciou dezaioito procedementos de contratación por un importe de 7,5 millóns máis IVE, Compostela Aberta iniciou dez por 975 mil euros, máis o contrato dos comedores, e que ata o 14 de agosto non se iniciou ningún, e xa viñan de antes que eran dúas obras do POS do 2015, a de Pedreira e a da Escarabuña.

E que fronte a un goberno do Partido Popular que adxudicou de xaneiro a maio, vinte contratos, por un importe de 5,3 millóns máis IVE, Compostela Aberta adxudicou contratos por un importe de 4,4 millóns, e hai que ter en conta que deses 4,4 millóns, entre xuño, xullo e agosto adxudicáronse case 2.400.000 euros, polo que en realidade, simplemente se adxudicaron 2 millóns.

Dende o punto de vista dunha idea de futuro para a cidade, fronte a un goberno do Partido Popular que en cinco meses aprobou dez proxectos de obras por un importe de 6 millóns de euros, Compostela Aberta aprobou catro por 142 mil euros.

Fronte a un goberno do Partido Popular que solicitou once subvencións, Compostela Aberta solicitou sete.

Fronte a un goberno do Partido Popular que só levou en cinco meses dúas urxencias á Xunta de Goberno Local, e polo tanto non improvisaba, Compostela Aberta levou corenta e seis.

Dende o punto de vista do pago dos provedores, fronte a un goberno do Partido Popular que pagaba de media, de xaneiro a maio, o global en 15,49 días, Compostela Aberta o fixo en 31,26 días, cando o máximo legal son 30.

Fronte a un goberno do Partido Popular que de xaneiro a maio non incumpriu o período medio pago, ao contrario, chegou a estar este concello, só o concello non o consolidado en 7,30 días, Compostela Aberta incumpriuno tres meses, setembro, outubro e novembro.

Hai que traer algúns exemplos de facturas, como por exemplo de vixilancia da UMAC de xuño que se pagaron en outubro, catro meses despois. Outra relativa a unha empresa de colaboración deste concello na recadación.

Dende o punto de vista de proliferación dunha actividade económica, e que, á vista dos resultados desta conta xeral, que está moi ben, son positivos, ninguén o pode negar, e

ninguén vai discutir o contrario, pero non ten sentido, que se un concello ten un resultado de 9,6 millóns, é dicir, presupostouse correctamente, un remanente líquido de tesourería de 5,4 millóns que nunca houbo dende o ano 2008, un aforro neto de 4,7 millóns, unha estabilidade orzamentaria de 7,2 millóns, acoden a un endebedamento de 3 millóns, de xullo a decembro, máis todo o que están facendo a nivel de endebedamento durante o ano 2016.

Dende o punto de vista da tramitación, que é o que reflicte toda esta paralización, e fronte a un goberno do Partido Popular que fixo 122 anuncios de tramitacións de información pública de xaneiro a maio, vostedes fixeron 56.

Fronte a un goberno do Partido Popular que concedeu 128 exencións fiscais en Xunta de Goberno Local, vostedes fixeron 87.

Fronte a un goberno do Partido Popular que tramitaba os expedientes, vostedes foron os que por exemplo, no procedemento de licitación de Vista Alegre, fase III, tardaron cinco meses en aprobar uns pregos de contratación, unha vez que estaban feitos, e case un ano en adxudicar a obra; e o mesmo pasou tamén co procedemento de contratación de conservación de espazos verdes.

Nos a verdade, é que con relación ao que é a primeira parte do exercicio desta conta xeral estamos satisfeitos coa nosa forma de xestionar, agora, eu creo que puxen bastantes exemplos para poñer de manifesto, que é totalmente contraria e oposta a que vostedes están levando.

Están facendo unha paralización do que é o concello que ao noso xuízo é preocupante.

Alcalde: Grazas Manuel, María Rozas.

Dona María Rozas Pérez: Bos días a todos e a todas de novo.

Vou ser moi breve, porque a conta xeral, como ben dicía o concelleiro do Partido Popular, é un documento técnico e unha foto fixa do que aconteceu na parte económica no ano 2015, sen embargo, parece que cada quen ve esa foto segundo lle parece.

Non deixa de ser curioso que se critiquen os prazos, eu convido á oposición, a todos os grupos da oposición, porque todos tiveron responsabilidades de goberno nalgunha etapa neste Concello de Santiago, a que me digan unha conta xeral que cumprise o prazo de estar presentada no pleno antes do 1 de outubro.

Dito isto, que non dixeran na miña primeira intervención, aínda que si o insinuei, a paternidade, a maternidade como dixo o voceiro do Bloque Nacionalista Galego desta conta compartida, o orzamento foi realizado polo Partido Popular.

Un orzamento que en diferentes ocasións por parte do goberno dixemos que non compartíamos, un orzamento que como indica o informe da intervención municipal tivo sobreestimación de ingresos en moitos aspectos, en licenzas urbanísticas, en imposto de construcións, en participación nos tributos do Estado unha sobreestimación de máis de tres millóns de euros, non creo que fose un orzamento presupostado correctamente, aínda que si que se presentou en prazo.

Dito isto, a maternidade e a paternidade compartida, por parte do goberno cremos e así o fixemos, un importante esforzo para mellorar moito os indicadores económicos no último semestre do ano, outros nos viñan dados, eran cousas que xa non se podían mellorar.

Non saco peito da execución de investimentos que hai neste ano, nin desta, nin das dos últimos vinte anos, porque a execución de investimentos deste concello é moi baixa para o que debería ser, para o que deberíamos de ofrecer aos veciños e veciñas de Santiago, e de feito, na miña primeira intervención, xa dixeran que creo que é un problema estrutural e que o reto e o obxectivo por parte da miña concellería, pois sería, ir incrementando e mellorando esa execución nos investimentos nos próximos anos.

Creo que máis nada e moitas grazas a todos.

Alcalde: Grazas María, Rubén.

Don Rubén Cela Díaz: Moitas grazas señor alcalde.

Certamente é indiscutible que a conta xeral que hoxe sometemos a debate contén parámetros, pois que apuntan a un bo aspecto económico financeiro deste concello, máis como na vida mesma, ter bo aspecto, non é sinónimo de ter boa saúde.

É o certo, e que alén deses indicadores que nos poden levar a unha foto fixa como comentaba a concelleira, pois dende o noso punto de vista, un tanto enganosa, o que si que conta esta conta xeral, ao igual que contas xerais anteriores, é que os ingresos correntes seguen a constreñir a capacidade de realizar gasto para o concello.

A foto fixa, certamente, é de superávit, máis a clave non está no feito en si de que exista ou non superávit contable, senón que a clave está na procedencia do mesmo.

Hai superávit non porque haxa máis ingreso corrente, hai superávit ao igual que denunciabamos en anos anteriores con xestión exclusiva do Partido Popular, porque non se gasta, e non se gasta, non porque se sexa máis aforradores, senón porque non se é capaz de executar proxectos comprometidos coa veciñanza a través dos orzamentos, nin reconverter ou executar os remanentes de gasto que imos arrastrando de mandatos orzamentarios anteriores, o que ademais, pon en risco ano tras ano o cumprimento de normas legais de estabilidade, que tamén sería bo saber, pois si se van a cumprir ou directamente se vai ser insumiso a algunha desas normas.

É certo, comentábase antes, que a aprobación da conta xeral fundamentalmente, pois o que é un trámite, e tamén é certo, dende o noso punto de vista que cos datos existentes neste intre, facendo a salvidade que facía na primeira quenda, a respecto do ámbito do patrimonio do propio concello, pois esta conta xeral está correctamente elaborada polos técnicos municipais, e ademais, conta con todos os informes preceptivos e non tivo alegación algunha.

Por en, para o grupo municipal do BNG, como temos denunciado nestas e noutras ocasións, esta conta xeral segue sen ser un reflexo e imaxe fiel da situación económica deste concello, entre outras cousas, pois tal e como apuntaba o informe da intervención, e tal e como facía referencia na primeira quenda, pois seguimos a ter unha conta xeral só referida a termos orzamentarios e seguemos sen coñecer cales son os activos reais deste concello, iso para nos, non é algo menor, tal e como comentabamos, entre outras cousas, a imaxe da saúde económica financeira non se mide só, nin fundamentalmente, con indicadores como acabamos de ver, pago a provedores ou similares.

Nos non estamos de acordo coa xestión realizada nese período, pero como se acaba de comentar, non é o que se avalía no pleno de hoxe, e nos entendemos que este pleno debe darlle o visto bo a esta conta, e por ese motivo dende o grupo municipal do BNG imos facilitar a súa aprobación coa nosa abstención.

Alcalde: Grazas Rubén, señor Paco Reyes.

Don Francisco Reyes Santiás: Grazas señor alcalde.

Se facía referencia aos prazos nos que se presentaban polos diferentes gobernos, Compostela Aberta chegou como dicían para cambialo todo e facelo mellor, de momento non se está a ver.

Con respecto á execución de investimentos, mire soamente un par de datos, é que os datos de gasto por habitante en 2015, son un 8% menores que os do ano pasado, pero son, o 20,1% menos que en 2010.

E o esforzo inversor é o 56% inferior ao de 2010, e o 26,7% inferior a 2011, esa é a realidade.

O problema é que non se melloraron por xestión os ingresos correntes, nin se reduciu o gasto corrente por mellor xestión, nin se incrementaron os investimentos produtivos.

O remanente dos 5.400.000 euros son exclusivamente o froito da falta de xestión.

Polo tanto remato como xa rematei a miña primeira intervención, o que se reflicte nesta conta xeral é falta de xestión, falta de transparencia, incumprimento da normativa, tanto na presentación da conta como do cumprimento da regra de gasto.

Problemas en canto á viabilidade da administración instrumental deste concello.

Todo o cal impide un voto favorable do grupo municipal do PSdeG-PSOE á aprobación desta conta xeral, o PSdeG-PSOE vaise abster.

Máis nada e moitas grazas.

Alcalde: Moitas grazas señor Paco Reyes, Manuel.

Don Manuel Martínez Varela: Moitas grazas.

Vou ser breve agora na segunda intervención. Falouse antes de que se chegou por parte de Compostela Aberta e que se atopou un orzamento xa feito, a nós tamén nos pasou o mesmo en xullo do 2014, cun mes menos e noutras circunstancias totalmente distintas, pero a pesar diso, hai que ter en conta que fomos capaces de aprobar o orzamento en tempo e forma.

Fomos capaces de traer á conta xeral para aprobala en tempo e forma.

Establecemos un período medio de pago de 18,69 días.

Non incumprimos nunca o período medio de pago.

Iniciamos 23 contratos a finais de 2014 por importe de 7,6 millóns de euros.

Aprobamos 24 proxectos de obras por importe de 5 millóns de euros.

Solicitamos 13 subvencións e fixemos 115 anuncios no Boletín Oficial da Provincia.

E logo, eu advertín antes, o que quería facer era simplemente unha mera advertencia, do descenso na execución do orzamento, pero é que os datos que se nos facilitaron da execución da 30 de xuño de 2016, mostran o que é unha situación, ao noso parecer, preocupante, hai que ter en conta que no capítulo VI en investimentos a 30 de xuño de 2016, Compostela Aberta ten iniciados expedientes por 4,3 millóns de euros, cando a 12 de xuño de 2015 eran 10 millóns de euros.

No capítulo II relativo ao que é mantemento, servizos, a 30 de xuño de 2016 Compostela Aberta ten iniciados expedientes por 26,8 millóns, cando nos deixamos 29 millóns.

Ademais, hai que ter en conta, que desta execución a 30 de xuño de 2016, dun total de 772 aplicacións, máis ou menos, que ten o orzamento do 2016, case o 40% o 38,34% están a cero de execución, e se quitamos os gastos de persoal que son gastos de carácter obrigatorio, o 50,10% está a cero de execución en seis meses.

E que en investimentos, en investimentos, das 73 aplicacións ou partidas, chámese como queira, que ten o orzamento a 30 de xuño de 2016 o 84,93% está a cero.

Antes apuntouse por parte do PSOE e do BNG con relación ao que era a política económica do Partido Popular dos últimos catro anos, o bo que ten a conta xeral, é que como dixeran, é un documento técnico, recolle unha serie de datos, e os datos están aí, e todos os indicadores foron positivos durante os catro últimos anos, agás o incumprimento da regra de gasto no último ano.

Quería poñer de manifesto, porque ás veces cando se fala da xestión dos outros, hai que mirar tamén a que se fixo por cada un, e vou poñer un exemplo do que é a xestión do bipartito, o 22 de decembro de 2010 o bipartito aprobou un expediente de transferencia de crédito por 1,4 millóns de euros, para aprobar os gastos de persoal da policía, o complemento específico, a seguridade social, o específico dos traballadores de urbanismo, e as retribucións básicas dos funcionarios que non estaban presupostados, iso exemplo de boa xestión na miña casa non é.

E que o 28 de decembro de 2010, levaron a convalidar once liquidacións de obras por case medio millón de euros, máis unha certificación por 438.000 euros.

Teño máis, pero tampouco, tampouco é cuestión de seguir porque non estamos a debater isto, é simplemente para poñer de manifesto, que home, ás veces hai que ter un pouco de humildade.

Nos non vamos opoñernos a esta conta xeral, porque é unha conta xeral compartida, en nos estamos satisfeitos do que fixemos ao longo dos meses que estivemos, podería

mellorarse, si seguramente, todo é mellorable na vida, pero estamos satisfeitos do que fixemos.

Alcalde: Señor secretario pasamos á votación.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos/ás concelleiros/as do grupo municipal de Compostela Aberta e 14 abstencións correspondentes aos/ás concelleiros dos grupos municipais do Partido Popular, PSdeG-PSOE e 2 BNG (9 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), acorda:

1. Aprobar a Conta Xeral do Concello de Santiago de Compostela, correspondente ao exercicio de 2015.
2. Render a Conta Xeral ao Consello de Contas de Galicia e ao Tribunal de Contas, nos termos establecidos no artigo 212.4 e 5 do TRLRFL e restante normativa de aplicación.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 9 horas e 20 minutos do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do Pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: Fco. Javier Castiñeira Izquierdo